

ANEXO XI

Subvencionarase a entrega a reciclador autorizado dos seguintes tipos de plásticos, e nas condicións sinaladas (dado que o material sen clasificar ou sucio ten un custo superior de reciclado, que non se subvenciona):

Tipoloxías:

Plásticos para ensilado e gandaría

- Plásticos de ensilado: films negros ou branco-negro utilizados no ensilado do millo e herba, normalmente multicapa. [Polietileno de Baixa Densidade (PEBD / LDPE)]
- Plásticos de empacado: film estirable de autoempacado e “bolsas de silo”. [Polietileno Lineal de Baixa Densidade (PELBD)]

Cordas de empacar e sacos de rafia.

- Cordas: cordas de empacar a palla [Poliestireno estirado (PS)]
- Sacas: sacos de rafia de pensos e fertilizante (a granel). [Polipropileno (PP)]

Elementos plásticos ríxidos e instalacións de equipamento

- Bebedoiro e comedoiras para gando: bebedoiros de campo (tipo cubeta) e comedoiras de naves gandeiras, fabricados mediante rotomoldeo. [Polietileno de Alta Densidade (PEAD / HDPE) ou Lineal (PEBDL / LLDPE)]
- Bebedoiros de interior: bebedoiros automáticos de cazoleta ou de empuxe [Poliamida ou Polipropileno reforzado]
- Solos e reixas de plástico: paneis para solos e reixas de sumidoiros fabricados en plástico
- Almacenamento e loxística: grandes depósitos de auga, tanques de fertilizante líquido e tolvas de granel [Polipropileno rotomoldeado]
- Crotais: etiquetas de identificación animal obrigatoria. [Poliuretano termoplástico (TPU)]

Condicións:

Clasificación: os plásticos non estarán mesturados, deberán ser seleccionados por tipoloxía de material, e estar limpos (sen restos de terra ou outras substancias).

Presentación: os plásticos seleccionados estarán paletizados ou ensacados (big bags) que permitan a estiba e desestiba mecánica.

Punto de provisión: o lugar da carga será accesible para os medios de transporte de xeito directo.